



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE OUTUBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:35 horas do día 21 de outubro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de outubro (convocatoria ampliada o día 20), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D. Pablo Olmos Pita
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 3a, 4a, 5b, 6b e 7a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 1a, 1b, 2a e 3a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 5a e 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Apertura da documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440)

Procédese á apertura dos sobres A "Documentación persoal" dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento a todos os licitadores, que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL¹
 2. DESMACO, SL
 3. HORDESCON, SL
 4. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU - FEVISA VÍAS Y OBRAS, SL
 5. CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, SA (COVSA)
 6. CIVIS GLOBAL, SLU
 7. AVAN INTEGRAL, SL
 8. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:46	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAE4A-CH4C5E-8D55AA-K23YMV-ZKNJWD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU
10. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA - ALVAC, SA
11. UTE ACEVI, SL - MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL²
12. ORESA, SL
13. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL Y CONSTRUCCIONES OREGA, SL
14. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA
15. ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA
16. UTE O3 SERVICIOS Y CONTRATAS, SL - OGMIOS PROYECTO, SL
17. JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, SA
18. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL
19. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA - MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SA (MARCONSA)
20. COPCISA, SA
21. ELSAMEX, SA
22. SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
23. ESPINA & DELFIN, SL
24. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU
25. MISTURAS, SA
26. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
27. EXTRACO, SA
28. CONSTRUCCIONES VALE, SL
29. NAROM, SL

¹ En lugar de declarar a solvencia a través das clasificacións esixidas no prego, achega unha relación de contratos. No entanto, ao facilitar na documentación o número de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma, faise a oportuna consulta durante a sesión, comprobándose que dispón das clasificacións esixidas.

² Respecto da UTE ACEVI, SL - MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, a empresa MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL declara dispor das clasificacións esixidas no prego e ACEVI, SL declara non dispor das clasificacións. Durante a sesión, decídese consultar telefonicamente á empresa, que facilita o número de inscrición na base de datos de empresas clasificadas da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Feita a oportuna consulta compróbase que está clasificada.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250)

Procédese á apertura dos sobres A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
 1. PAVIMENTACIONES MORALES, SL
 2. CONSTRUCCIONES RECURSA, SA
 3. NAROM, SL
 4. CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, SA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:46	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAE4A-CH4C5E-8D55AA-K23YMV-ZKNJWD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

5. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
6. HORDESCON, SL
7. EXTRACO, SA
8. MISTURAS, SA
9. CONSTRUCCIONES VALE, SL
10. JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, SA
11. ELSAMEX, SA
12. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL
13. CONSTRUCCIONES RAFER, SL
14. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL
15. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL
16. AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, SA (ACOVAL)
17. NEMESIO ORDOÑEZ, SA
18. LANCER PROYECTOS Y OBRAS, SA

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada polos motivos que se relacionan a continuación:
- OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, SLU: Declaran dispor da clasificación G-4-2, pero ao licitar a dous lotes (3 e 4) necesitan a G-4-3. En consecuencia, a solvencia técnica que declaran resulta insuficiente segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.
 - OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA: Non declaran dispor da clasificación esixida no prego, que ao licitar a dous lotes (3 e 4) sería a G-4-3. En consecuencia, a solvencia técnica que declaran resulta insuficiente segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.
 - OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL: Declaran dispor da clasificación G-4-3 pero non indican a que lotes licitan. En consecuencia, deberán aclarar a que lotes se presentan, e no caso de que liciten a máis de dous lotes deberán dispor da clasificación G-4-4 esixida polo prego, pois a clasificación declarada (G-4-3) resultaría insuficiente.
 - UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VÍAS E OBRAS, SL: FEVISA VÍAS E OBRAS, SL declara dispor da máxima clasificación esixida no prego, non entanto, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU non declara dispor de ningunha clasificación. Para poder ser admitida a UTE neste procedemento, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU debería estar cando menos clasificada, polo que deberá emendar a súa declaración responsable neste senso.

2.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:46	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAE4A-CH4C5E-8D55AA-K23YMV-ZKNJWD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Jiménez (3969-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Asisten á apertura D. Antonio Soto de Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de Fечи Aglomerados Crespo e D. Samuel Simes Martínez, con DNI 52.496.617-Z, en representación de CONSTRUCCIONES VALE, SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

3.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250)**

Non se trata este asunto porque a Mesa, no punto 1b acordou outorgar un prazo para emendar a documentación persoal.

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación, dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)**

A secretaria informa aos membros da Mesa que, á vista do acordo adoptado na sesión do 30 de setembro de 2016 de inicio do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con varias das empresas presentadas por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, con data do 30 de setembro se concedeu un prazo de tres días ás empresas que deseguido se relacionan para os efectos de que puidesen formular alegacións e a documentación oportuna para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións:

1. REALTURF SYSTEMS, SL
2. MECANO SPORT, SL
3. MONDO IBERICA, SA

Durante o prazo concedido (o 4 de outubro de 2016) presentaron documentación as empresas MECANO SPORT, SL e MONDO IBERICA, SA.

A continuación, entrégase o informe dos arquitectos municipais D. David Carvajal Rodríguez Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás de data 18 de outubro de 2016 no que indican respecto das dúas empresas que “se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa ofertada e que poida con ela cumprir o contrato”.

5.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113) (informe sobre B)**

Entrégase o informe do xefe do Servizo Administración Electrónica do 19 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:46	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAE4A-CH4C5E-8D55AA-K23YMV-ZKNJWD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe do xefe da Área de Investimentos do 19 de outubro de 2016 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”.

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113) (informe sobre B)

Acéptase o informe do xefe do Servizo Administración Electrónica do 19 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333) (informe sobre C e proposta clasificación)

Acéptase o informe do xefe da Área de Investimentos do 19 de outubro de 2016 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e acórdase, á vista deste informe e do informe dos arquitectos municipais D. David Carvajal Rodríguez Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás de data 18 de outubro de 2016, por unanimidade dos membros da Mesa, propoñer ao órgano de contratación a exclusión da empresa REALTURF SYSTEMS, SL por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado documentación ningunha para a súa xustificación no prazo concedido.

7.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por non ter presentado correctamente a documentación persoal:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:46	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAE4A-CH4C5E-8D55AA-K23YMV-ZKNJWD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. NAROM, SL
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
3. ELSAMEX, SA
4. LIMONTA SPORT IBERICA, SL
5. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
6. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
7. PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
8. CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
9. OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL
10. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
11. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL

Segundo.- Excluir á empresa REALTURF SYSTEMS, SL por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, de acordo co informe do xefe da Área de Investimentos do 28 de setembro de 2016, e non ter presentado documentación ningunha para a súa xustificación no prazo concedido.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MONDO IBERICA, S A	80,00
2	MECANO SPORT, S L	77,02
3	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L	57,53
4	NATURF DEVELOP, SL	57,27
5	SPORT EQUIPALIA, S L	31,78

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (*"cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración"*).

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 808,82 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

8.- Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:46	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAE4A-CH4C5E-8D55AA-K23YMV-ZKNJWD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106)

A Mesa comproba a documentación presentada pola empresa Plantas de Levante, SL, dentro do prazo concedido (20 de outubro de 2016), e acorda, con carácter previo á proposta de adxudicación, requirirlle para que no prazo de tres días hábiles emende a declaración responsable que achega para a acreditación da solvencia técnica, no senso de detallar o obxecto dos contratos que relaciona.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 21 de outubro de 2016

A presidenta da Mesa de Contratación

María Jesús Lago Rey



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:46	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAE4A-CH4C5E-8D55AA-K23YMV-ZKNJWD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		